


XORNADAS

KARL MARX. 1818/2018

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
13 e 14 de novembro de 2018



As xornadas “Karl Marx. 1818/2018” pretenden conmemorar o bicentenario do nacemento deste pensador de xigantesca influencia histórica. Non é esaxerado afirmar que algunhas das súas ideas forman parte de nós e que sexamos nalgún aspecto marxianos sen sabelo, como somos galileanos noutro campo e que tamén, dalgún modo, algo dos nosos marcos vitais remita a el.

Coa distancia privilexiada do tempo, co legado da interminable reelaboración e crítica da súa obra a cargo de tantas figuras de relevo, de Kautsky e Lenin a Gramsci e Lukács, de Korsch a Habermas ou Harvey; despois de tantos acontecementos históricos que se reclamaban do seu nome, da Revolución Rusa á Revolución china ou cubana, a tantos movementos emancipatorios en todo o mundo; despois de que se declarase o imperio dun sistema único como fin da historia dominado polo neoliberalismo, e en medio dunha das crises económicas máis grandes habidas que fixo aflorar de maneira nova o interese polo xenio de Tréveris, parece máis indicado, se cabe, con motivo do seu aniversario, a abordar o seu pensamento inquirindo nel o que pode iluminar a nosa realidade.

PROGRAMA

MARTES, 13 DE NOVIEMBRE

Sesión da mañá

09:30 h. Inauguración

09:45 h.

O Marx dos escritos políticos

Ramón Máiz, Universidade de Santiago de Compostela

10:45 h.

Gáñase o goberno, non o poder. A selectividade estratéxica do Estado e a crise do neoliberalismo

Juan Carlos Monedero, Universidade Complutense de Madrid

11:45 h. Pausa

12:15 h.

Proletariado e subxectividade

Francisco Sampedro, filósofo, ensaísta, autor de *Ideoloxía e distorsión*

Sesión da tarde

17:00 h.

O mundo das cousas e o mundo dos vínculos. Fetiche, neoliberalismo e comunidade

Clara Ramas, Universidade Católica de Valencia San Vicente Mártir

18:00 h.

Marx eurocéntrico? Análises dos seus escritos sobre América Latina

Francisco Martínez, Universidade Nacional de Educación a Distancia

19:00 h. Debate

MÉRCORES, 14 DE NOVIEMBRE

Sesión da mañá

10:00 h.

Reprodución do capital e sostemento do vivir: o con ito capital/vida

Montserrat Galcerán, Concello de Madrid

11:00 h. Pausa

11:30 h.

A actualidade de Marx

Carlos Fernández Liria, Universidade Complutense de Madrid

12:30 h. Debate

Sesión da tarde

17:00 h.

Marx e o desfalco dos corpos

José Luis Moreno Pestaña, Universidade de Granada

18:00 h.

Marx entre ciencia e ética

Félix Ovejero, Universitat de Barcelona

19:00 h. Debate

ORGANIZA

Sección de Pensamento e Sociedade (CCG)

COORDINA

Jorge Álvarez Yágüez

Ramón Máiz Suárez

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia ás xornadas.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

